



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Intervención

Aprobación prezo público servizo de conciliación Rianxo Madruga. Curso 2026-2027

ANUNCIO

APROBACIÓN PREZO PÚBLICO SERVIZO DE CONCILIACIÓN RIANXO MADRUGA. CURSO 2026-2027

Con data 3 de setembro de 2026, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria adoptou o seguinte acordo:

1. Aprobar o prezo público como cota de matrícula de 35 euros mensuais por participante ou bono de 5 sesións por 20 euros.
2. Aprobar os prezos públicos como cotas de matrícula, tendo en conta as diversas circunstancias familiares:
Familias nas que participen 2 irmáns: 30 euros mensuais por participante.
Familias con tres ou mais irmáns participantes, coa condición de familia numerosa ou familias monoparentais. A condición de familia numerosa ou familia monoparental terá que acreditarse coa presentación da documentación de recoñecemento oficial: 25 euros mensuais por participantes.
Gratuidade de 10 prazas para aquelas familias derivadas do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Rianxo.
3. As condicións para a xestión recadadora do servizo serán as que establece a normativa municipal sobre prezos públicos; e en todo caso, segundo indican as bases da convocatoria de dito servizo.
4. Débese publicar o presente Acordo no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia a efectos do seu xeral coñecemento e efectos.

Rianxo, venres 4 de setembro de 2026.

O Alcalde, Julian Bustelo Abuin

2026/5832